

**PROTOCOLO DE PROTECCIÓN
DOS NENOS, NENAS E
ADOLESCENTES (NNA)
FRONTE Á VIOLENCIA
NO DEPORTE
2024-2026**

**NON
TAB
MÁN**

#ASISÍ

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN



XUNTA
DE GALICIA




DEPORTE
GALEGO

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

Nome da Entidade:


Data de aprobación
polo órgano de goberno da entidade:

Sinatura do responsable da entidade:



Descrición da actividade deportiva:

Actividades federadas de balonmán dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, organizadas pola Federación Galega de Balonmán.

PROTOCOLO PARA A PROTECCIÓN DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES (NNA) FRONTE Á VIOLENCIA NO DEPORTE EN GALICIA	
ENTIDADE	Federacion Galega de Balonmán
DIRECCIÓN	R/Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 3
LOCALIDADE	Vigo
NIF	G36690832
TELÉFONO DE CONTACTO	986 41 06 18
CORREO ELECTRÓNICO	denuncias@fgbalonman.com
PERSONA DELEGADA DE PROTECCIÓN DE NNA	Nome e apelidos: Ismael Gómez Solla
	Data designación: 30-11-2024
VIXENCIA DENDE	14.05.2024
VERSIÓN	1
DATA PRÓXIMA REVISIÓN (máx 2 anos)	14.05.2026
SINATURA DO RESPONSABLE DA ENTIDADE	

Adaptado á L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o 14 de maio de 2024.

Sumario

1. ADECUACIÓN DO PROTOCOLO.....	5
2. CONFLITO DE INTERESES.....	5
3. PROTECCIÓN DE DATOS.....	5
4. INTRODUCCIÓN.....	5
5. TERMOS E DEFINICIÓNS.....	6
5.1 Concepto de violencia no deporte.....	6
5.2 Concepto de bo trato aos NNA e creación de contornas seguras:.....	7
5.3 Tipos específicos de violencia.....	7
5.3.1 Violencia de tipo sexual.....	7
5.3.2 Maltrato emocional ou psicolóxico a NNA.....	8
5.3.3 Bullying.....	8
5.3.4 Violencia a través das redes sociais e medios telemáticos.....	8
5.3.5 Condutas inadecuadas ou inapropiadas.....	9
6. OBXECTIVOS.....	9
6.1 Obxectivos Xerais.....	9
6.2 Obxectivos específicos.....	10
7. ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	11
7.1 Ámbito de aplicación obxectivo.....	11
7.2 Ámbito de aplicación territorial.....	11
7.3 Ámbito de aplicación subxectivo ou persoal. Poboación Diana.....	11
8. REGLAS DE INTERPRETACIÓN DO PRESENTE PROTOCOLO.....	12
9. DELEGADO/A DE PROTECCIÓN DA VIOLENCIA A NNA.....	12
9.1 Concepto de DP.....	12
9.2 Designación do DP e publicidade.....	12
9.3 Funcións do DP.....	13
9.4 Modos de actuación do DP.....	14
9.5 Canle de Notificacións.....	15
10. RECURSOS.....	15
11. PROCEDIMENTO.....	16
11.1 Sensibilización.....	16

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

11.2	Detección da violencia.....	16
11.2.1	Orixe da violencia:.....	16
11.2.2	Mecanismos de detección da violencia:.....	16
11.2.3	Obrigas informativas aos NNA.....	19
11.3	Actuación fronte a situacións de violencia.....	20
11.3.1	Actuación inicial fundamental.....	20
11.3.2	Obriga de comunicación da situación de violencia ás autoridades.....	20
11.3.3	Comunicación das situacións de violencia aos DP.....	22
11.4	Procedemento Xeral de Actuación ante casos de violencia.....	22
11.4.1	Identificación e comunicación das situacións de violencia.....	22
11.4.2	Apertura do expediente informativo e valoración inicial dos feitos.....	22
11.4.3	Medidas cautelares de protección.....	23
11.4.4	Práctica de dilixencias.....	24
11.4.5	Resolución do expediente.....	25
11.4.6	Medidas para a reincorporación do NNA á práctica deportiva:.....	25
11.4.7	Adopción de medidas correctoras no futuro.....	26
12.	MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA NO DEPORTE EN GALICIA.....	26
12.1	Cuestións Xerais.....	26
12.2	Medidas específicas de prevención.....	26
13.	RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS: A MEDIACIÓN.....	29
14.	AVALIACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO.....	29
14.1	Avaliación do protocolo.....	29
14.2	Revisión/actualización do protocolo.....	29
15.	ENTRADA EN VIGOR E PUBLICACIÓN.....	29
16.	NORMATIVA APLICABLE.....	30
17.	BIBLIOGRAFÍA, RECURSOS E BOAS PRÁCTICAS.....	30
18.	RELACIÓN DE ANEXOS.....	33

1. ADECUACIÓN DO PROTOCOLO

Este protocolo foi aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o 14 de maio de 2024, conforme ao disposto na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e demais normativa de aplicación.

2. CONFLITO DE INTERESES

A persoa que asina este protocolo declara non ter conflitos de interese na súa elaboración nin contidos.

3. PROTECCIÓN DE DATOS

O presente convenio é conforme coa lexislación estatal vixente en materia de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais sinalados na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

4. INTRODUCCIÓN

Existen diversos tipos de violencia como a física, a psicolóxica, a sexual, a vicaria, e outras. Este documento serve para combater todas elas co obxectivo de poder previlas e detectalas de xeito que o seu impacto no deporte tenda a cero. Este labor, no ámbito do deporte, require que se leve a cabo una identificación dos patróns condutuais máis proclives á xeración de situacións de violencia nestes foros, con especial énfase nas situación de violencia física e dos delitos de odio.

Todas aquelas organizacións, centros ou escolas que realicen ou alberguen actividades deportivas, de lecer ou tempo libre, así como educación non formal deberán contar con protocolos semellantes e deberán asegurar o seu cumprimento.

Unha das cuestións básicas para o cumprimento do presente documento é a figura da persoa Delegada de protección ao neno, nena ou adolescente (NNA) (en adiante DP). A LOPIVI non prevé detalles sobre esta figura, pero é claro que será a persoa de referencia á que os nenos, nenas e adolescentes, en diante NNA, poidan acudir para expresar as súas inquedanzas, queixas, suxestións ou directamente notificar algún feito violento. A persoa de referencia será a encargada da difusión e cumprimento dos protocolos establecidos, iniciará as comunicacións necesarias nos casos nos que se detectara una situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia e instruirá os pertinentes expedientes que se conformen.

É moi importante implicar e fomentar a participación dos NNA no obxectivo común, así como reforzar as relacións e a comunicación cos pais e as nais.

O presente protocolo se elabora con base ao mandato establecido na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI) que dispón, no seu artigo 47, a obriga das Administracións Públicas de regular, no ámbito das súas competencias, protocolos de actuación que recollan as accións necesarias para construír unha contorna segura no ámbito deportivo, co obxectivo de prever, detectar e intervir fronte a posibles situacións de violencia sobre os NNA que participan naquelas actividades.

Neste marco, se elabora este protocolo co propósito de dar efectiva protección e atención aos NNA que participan nas actividades deportivas que se organizan e promoven dende a entidade que asina este protocolo e que poidan atoparse ante unha situación de violencia, física o psíquica. Son estas as razón polas que o presente Protocolo se elabora sobre os seguintes piares fundamentais:

1. Protexer aos NNA fronte a todo tipo de violencia.
2. Favorecer e fomentar os mecanismos de detección de situación de violencia en NNA.
3. Establecer pautas concretas de actuación ante situacións de violencia, delimitando os deberes de comunicación das situacións de violencia ás autoridades das diferentes persoas que interveñen nas actividades deportivas (adestradores/as, monitores/as, árbitros/as, xuíces/zas, preparadores físicos/as, delegados/as, directivos/as, órganos federativos e, por suposto, os/as propios deportistas), e o procedemento a seguir, no seu caso.
4. Determinar as medidas de prevención da violencia nas actividades deportivas nas que participen NNA.
5. Implementar sistemas de monitorización, control e seguimento de cumprimento do protocolo, que permitan unha continua revisión, mellora e eficacia deste.
6. Crear espazos de desenvolvemento físico, emocional e psicolóxico sans e seguros así como favorecer o bo trato das persoas profesionais, voluntarios, familias e demais axentes implicados no sector deportivo garantindo o benestar de todas as persoas participantes.

5. TERMOS E DEFINICIÓNS

5.1 Concepto de violencia no deporte.

É violencia calquera forma de agresión física, verbal ou psicolóxica que cause dano, lesións ou malestar emocional aos participantes do deporte. A efectos deste protocolo e segundo o artido 1.2 la LOPIVI, se entende por violencia "toda acción,

omisión ou trato negligente que priva aos NNA os seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente da violencia dixital”.

En calquera caso, sen consideración de numerus clausus, se entenderá por violencia no ámbito do deporte (art. 1.2 LOPIVI):

- O maltrato físico, psicolóxico ou emocional.
- Os castigos físicos, humillantes ou denigrantes.
- O descoido ou o trato negligente.
- As ameazas, injurias ou calumnias.
- A explotación, incluíndo a violencia sexual.
- A corrupción, a pornografía infantil e a prostitución de NNA.
- O acoso escolar, o acoso sexual e o ciberacoso.

5.2 Concepto de bo trato aos NNA e creación de contornas seguras:

O artigo 1.3 la LOPIVI define o bo trato aos NNA como “aquele que, respectando os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección da Lei, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación dos nenos, nenas e adolescentes”.

O bo trato, pois, se configura non só como un obxectivo senón como un requisito de obrigado cumprimento por parte de todas as entidades deportivas na organización, planificación e execución da súa actividade para crearen unha contorna segura, un ambiente protector desde unha dimensión física, psicolóxica e social (incluíndo o entorno dixital), no que as actividades deportivas se desenvolvan sen violencia e co debido respecto aos dereitos os NNA.

5.3 Tipos específicos de violencia

5.3.1 Violencia de tipo sexual

Engloba todas aquelas accións ou omisións que atentan contra a liberdade e a indemnidade sexuais dos NNA, con tódolos actos de natureza libidinosa e de contido sexual que sexan realizados sen o consentimento da vítima. Débese ter en conta que o consentimento prestado por NNA de 16 anos con respecto aos actos sexuais non se considera válido de forma xeral, e salvo contadas excepcións, polo que os actos sexuais realizados con NNA menores de 16 anos se considerarán ilícitos.

Dentro deste tipo de violencia, se considerará acoso sexual a solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro que provoque na vítima unha situación obxectiva gravemente intimidatoria hostil ou humillante.

Tamén se considerará violencia sexual fronte a NNA:

- Os abusos sexuais mediante engano, ou prevalecéndose de situacións de confianza.
- Os abusos sexuais mediante o uso de internet, teléfono móbil ou similares, a fin de contactar e concertar encontros sexuais para realizar actos de contido sexual ou gravación, exhibición, difusión de pornografía.
- Enganar a unha persoa menor de idade para facilitar material pornográfico.
- Mostrar imaxes pornográficas nas que se represente ou apareza un NNA.
- Vender, difundir ou exhibir material pornográfico entre NNA.
- Exhibición obscena de xenitais ante NNA.
- Prostitución, explotación sexual e corrupción de NNA.

5.3.2 Maltrato emocional ou psicológico a NNA

Comprende comportamentos dirixidos a ridiculizar, intimidar, insultar, rexeitar ou humillar ao NNA. Son situacións propias desde tipo de maltrato no deporte cando son sometidas/os a insultos, ameazas, actos intimidatorios, vexacións, humillacións, coaccións, entre outros. En especial, considerarase un tipo de conduta violenta a LGTBIfobia, entendida como o emprego de expresións vexatorias que inciten a exercer a violencia contra as persoas ou a súa familia por causa da orientación sexual, a identidade de xénero ou a expresión de xénero dunha maneira intencionada ou mesmo condutas discriminatorias por razón de sexo, orientación e identidade sexual ou expresión de xénero.

5.3.3 Bullying

É unha forma de acoso que pode producirse en noutros ámbitos aparte do escolar, como o deportivo. Defínese como un maltrato e acoso verbal, físico o psicológico, ao que os compañeiros dun NNA o/a someten de xeito continuado. Pode realizarse a través de redes sociais, caso no que se consideraría ciberbullying.

5.3.4 Violencia a través das redes sociais e medios telemáticos

Trátase da violencia que se realiza a través de dispositivos móbiles, dixitais ou informáticos, internet, redes sociais e aplicacións de mensaxería ou similares. A través deles pódense dar todas as condutas violentas anteriormente relacionadas e especialmente actuacións contra a intimidade, o honor e a propia imaxe dos nenos, nenas e, especialmente, adolescentes. En concreto, inclúese nesta categoría o *grooming*, entendido como unha forma de acoso sexual, estendida nos últimos tempos, polo uso das novas tecnoloxías. Defínese como o acoso no que unha persoa (xeralmente

un adulto) contacta con un neno, nena ou adolescente a fin de gañar de xeito progresivo a súa confianza coa finalidade de involucralo en actividades ou actos de natureza sexual. Se trata dunha forma de violencia sexual tipificada como delito.

Presentan como particularidade a dimensión pública que poden adquirir pola difusión da violencia en medios como internet ou as redes sociais, o que suporá un incremento do dano á vítima.

5.3.5 Condutas inadecuadas ou inapropiadas

Defínense como aquela conduta agresiva, hostil, irrespetuosa, que rache o correcto trato provocando no NNA incomodidade ou favorecendo unha posterior situación de violencia.

Recoméndase a continua formación de todo o persoal das entidades deportivas, para que adopten boas prácticas nas formas de interactuar e relacionarse cos NNA que participen en actividades deportivas, co fin de evitar as condutas definidas no parágrafo anterior.

A estes efectos, se farán as seguintes recomendacións:

- Evitar o contacto físico innecesario, excesivo ou desproporcionado.
- Non invadir a intimidade corporal ou psicolóxica.
- Evitar brincadeiras, comentarios ou xogos con connotacións de carácter sexual.
- Non empregar unha linguaxe inadecuada ou zafia.
- Dialogar coas e cos NNA con respecto e educación, sen empregar unha linguaxe sarcástica ou irónica.
- Respetar os momentos nos que as persoas deportistas estean no vestiario pero manter control indirecto por se xorde algún tipo de conduta violenta entre eles.
- Non levar a cabo reunións ou entrevistas a solas con NNA.
- Evitar desprazamentos en vehículos a solas co NNA.

6. OBXECTIVOS

6.1 Obxectivos Xerais

1. Protexer e preservar a integridade física, psíquica, psicolóxica e moral dos NNA fronte a calquera forma de violencia que se poida manifestar nos adestramentos, competicións ou eventos deportivos en Galicia, incluídas as que se poidan producir en redes sociais e en internet, fomentando a adecuada formación da súa personalidade.

2. Establecer medidas de protección integral fronte á violencia no deporte, que inclúan:

- a. A información adecuada a nenos, nenas e adolescentes.

b. O reforzo dos seus coñecementos e habilidades para que poidan recoñecer a violencia no ámbito do deporte e requirir a realización de actividades sobre a base do bo trato e respecto aos seus dereitos.

c. A detección precoz de aquela.

d. A sensibilización de tódolos participantes para o rexeitamento da mesma.

e. A formación das persoas que participen nas súas actividades, coa continua mellora nas súas capacidades.

3. Delimitar os leitos de actuación ante situación de violencia no ámbito das actividades deportivas en Galicia, adoptando as medidas de protección que procedan en relación coa vítima, así como as que procedan de acompañamento e seguimento na súa reincorporación á actividade.

4. Garantir o dereito dos NNA a seren escoitados e que as súas opinións sexan tidas en conta, especialmente en contextos de violencia contra eles, evitando en todo caso a vitimización secundaria.

5. Adoptar as medidas necesarias para que a práctica do deporte ou de lecer e tempo libre en Galicia sexa un terreo de xogo libre de discriminacións por idade, raza, discapacidade, orientación sexual, identidade sexual ou expresión de xénero, ou calquera outra circunstancia persoal ou social, traballando cos propios nenos, nenas ou adolescentes, así como coas súas familias e profesionais, no rexeitamento ao uso de insultos e expresións degradantes e discriminatorias.

6. Fomentar e reforzar as relacións e a comunicación entre as entidades deportivas e de tempo libre e aqueles que exerzan as funcións de patria potestade, tutela, garda ou acollida dos NNA.

7. Protexer a súa imaxe nas actividades de lecer e tempo libre, adestramentos e competicións que se desenvolven en Galicia.

8. Crear unha contorna segura e protectora no ámbito deportivo, con adultos coa formación axeitada para seren conscientes do seu especial papel protector. Fomentárase a cultura do bo trato, do respecto a tódolos participantes, da non discriminación e a inclusión no ámbito do deporte, características que definen á sociedade galega.

9. Levar a cabo un labor de educación e socialización informando ás partes implicadas.

10. Facer unha implantación deste protocolo dende o sentido común e a racionalidade, seguindo un proceso lóxico e progresivo. As análises das situacións de violencia que se produzan deberán levarse a cabo de xeito equilibrado, sen facer unha procura obstinada e obsesiva das situacións de violencia, cuestión que podería desvirtuar a eficacia do protocolo.

6.2 Obxectivos específicos

O presente protocolo ten como obxectivo establecer pautas e procedementos para prever e abordar a violencia no ámbito deportivo, promovendo unha contorna segura e respectuosa tanto para os deportistas como para o persoal involucrado:

1. Implementar os modos de actuación para a prevención da violencia nos axentes de lecer e deportivos galegos: federacións deportivas, centros de tecnificación, escolas deportivas, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, clubs, entidades de tempo libre etc.

2. Poñer en marcha a figura da persoa Delegada de protección do NNA (en adiante DP) en cada unha destas entidades ou nas instalacións onde se desenvolva unha actividade deportiva ou de lecer ou tempo libre.

3. Diminuír as taxas de violencia que se producen neste tipo de actividades en Galicia.

4. Fomentar a comunicación de posibles situacións de violencia para obter a maior información posible e axudar a adoptar as medidas necesarias.

5. Obter información das posibles situacións de violencia para estudar os datos da mesma e poder engadir as medidas que correspondan para a detección precoz destas.

7. ÁMBITO DE APLICACIÓN

7.1 Ámbito de aplicación obxectivo

Este protocolo será de aplicación na práctica deportiva, adestramentos, competicións, torneos e eventos deportivos que organice a entidade ou nos que participen NNA socios da mesma, sen prexuízo da actuación do Delegado de Protección ante unha sospeita ou constatación de violencia no ámbito intrafamiliar.

7.2 Ámbito de aplicación territorial

O presente protocolo será de aplicación, nos termos do punto anterior, en calquera territorio onde os NNA realicen a práctica deportiva.

7.3 Ámbito de aplicación subxectivo ou persoal. Poboación Diana.

O presente protocolo será de aplicación:

a) Aos xogadores/as, adestradores/as, asistentes/as de equipo, preparadores físicos, directivos, acompañantes, monitores, árbitros/as, xuíces/zas e outras/os oficiais.

b) Aos delegados/as de campo e calquera outra persoa que participe nalgún tipo de forma nos adestramentos ou competicións.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

c) Aos proxenitores e familiares das/os NNA participantes, dado que asumen as obrigas e responsabilidades destes na participación nas actividades programadas.

d) Ao persoal que presten os seus servizos baixo un contrato laboral, civil ou mercantil.

e) Ás persoas que desenvolvan a súa actividade como voluntarias ao amparo da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.

f) Aos medios de comunicación que asistan ás actividades deportivas de lecer ou tempo libre contidas neste protocolo.

g) Ao público asistente ás actividades obxecto deste protocolo.

En xeral, a calquera persoa que, de calquera modo, poida nalgunha forma, intervir ou participar nas actividades ás que incumbe este protocolo en Galicia.

8. REGLAS DE INTERPRETACIÓN DO PRESENTE PROTOCOLO

A interpretación do presente protocolo se realizará atendendo ao disposto na L.O. 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI), á Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, así como á normativa transversal de aplicación tendo en conta á preceptiva orde de prelación da mesma.

Na interpretación das normas do presente protocolo intervirá sempre o interese do NNA sobre calquera outro, de tal forma que ante calquera discrepancia que poida xurdir na aplicación, interpretación ou execución das medidas, deberá primar sempre a interpretación que conceda maior protección á posible vítima da violencia.

9. DELEGADO/A DE PROTECCIÓN DA VIOLENCIA A NNA

9.1 Concepto de DP

O DP será unha persoa adherida a unha entidade deportiva ou calquera outra entidade de lecer ou tempo libre cuxa función será a de previr, detectar, comunicar e diminuír os casos de violencia na entidade ou instalación na que desenvolve o seu labor.

Este órgano o conformará unha persoa á que, segundo o artigo 48.1 da LOPIVI, "os NNA poidan acudir para expresar as súas inquedanzas e quen se encargará da difusión e cumprimento dos protocolos establecidos, así como de iniciar as comunicacións pertinentes nos casos nos que se detectara unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia".

9.2 Designación do DP e publicidade

A entidade deberá contar cunha persoa DP conforme os requisitos do presente protocolo. A persoa DP será designada polo órgano de goberno da entidade da que se trate entre persoas que conten coa debida formación, coñecemento da materia e da normativa de protección de NNA. O seu nomeamento terá unha duración limitada aínda que poderá prorrogarse.

A súa designación será comunicada ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, para o seu asento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (www.xunta.sede.gal), código de procedemento PR946A.

Garantirase a debida publicación e difusión do seu nomeamento entre as persoas que integran a entidade, mediante as medidas máis oportunas a estes efectos.

A persoa DP gozará de independencia no exercicio das súas funcións, para adoptar en todo momento as decisións máis adecuadas para os nenos, nenas e adolescentes.

9.3 Funcións do DP

1. Informar ás persoas ás que incumbe este protocolo da existencia do mesmo e da política de prevención da violencia no deporte en Galicia.

2. Protexer aos NNA que participan en actividades deportivas e de lecer en Galicia fronte a todo tipo de violencia, adoptando ou recomendando que se adopten as medidas de actuación que procedan.

3. Velar pola aplicación e execución do presente protocolo, establecendo as condicións necesarias para crear unha contorna deportiva segura e unha cultura de trato cos/coas NNA de respecto, igualdade e inclusión, libre de todo tipo de violencia, especialmente naqueles que poidan presentar algún tipo de diversidade funcional ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

4. Canalizar e dar trámite ás suxestións, queixas, reclamacións ou notificacións que se formulen por calquera persoa ante situacións de violencia, podendo instruír expedientes informativos que remitirá á súa entidade, federación, administración deportiva ou órgano xurisdicional competente.

5. Comunicar a quen proceda as situacións de violencia contra NNA das que teña coñecemento.

6. Instruír ou tramitar os expedientes que correspondan por situacións de violencia contra as/os NNA a fin de proceder a comunicalos ás autoridades que correspondan, para formular, no seu caso, unha posible notificación ante os órganos disciplinarios competentes.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

7. Gardar a debida confidencialidade das informacións, expedientes e asuntos que se tramitan garantindo a debida protección da identidade dos NNA.

8. Adoptar as medidas preventivas que procedan na defensa dos intereses dos nenos, nenas e adolescentes que puideran ter sido vítima dunha situación de violencia.

9. Propoñer aos órganos de goberno da entidade para a que realiza e seu labor, as medidas de precaución, prevención ou protectoras que considere oportunas ante situacións de violencia que se poidan producir sobre os NNA.

10. Velar pola debida integración á actividade deportiva da vítima, fomentando e favorecendo a continuidade na mesma.

11. Promover a formación na prevención e detección precoz da violencia e protección dos nenos e nenas e adolescentes, dirixindo as oportunas campañas ao persoal que traballa nas instalacións deportivas; aos que realizan o seu labor nas entidades deportivas (deportistas, adestradores/as, técnicos, monitores/as, colaboradores/as, persoal voluntario e directivos/as); e aos pais e nais ou quen exerza a tutela, garda ou acollemento da persoa.

12. Promover, naquelas situacións nas que se poida dar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal nos NNA, a comunicación inmediata á Axencia Española de Protección de datos.

13. Asegurar a debida difusión do presente Protocolo, da identificación do DP e dos canais oportunos para contactalo, a través de medios de fácil acceso para os NNA, garantindo o uso dunha linguaxe comprensible e a debida confidencialidade nas comunicacións.

14. Promover a utilización de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos, como a mediación.

15. Colaborar coas autoridades en todo aquilo que se poida precisar para o debido cumprimento dos fins e obxectivos deste protocolo.

16. Todas aquelas contempladas no presente documento que axuden á consecución dos fins que este propón.

9.4 Modos de actuación do DP

A persoa DP non exercerá potestades disciplinarias. A súa intervención se limitará ás seguintes actuacións:

1. Comunicará aos membros da entidade a existencia dos recursos para a prevención da violencia no deporte e as vías para levala á práctica.

2. No caso de ter coñecemento dunha situación de violencia producida nunha competición, formulará a correspondente notificación ante o xuíz de competición ou de disciplina para que incoe o oportuno expediente, de ser o caso, sen prexuízo de informar ás autoridades pertinentes, de ser o caso.

3. Se a situación de violencia se produciu nun adestramento, concentración, viaxe, por internet ou redes sociais, e a comisión da mesma puido ser provocada por unha persoa federada, dará traslado da súa notificación ao órgano disciplinario competente da federación respectiva, sen prexuízo de informar ás autoridades pertinentes, de ser o caso.

4. Emitirá os informes de valoración que se lle soliciten.

5. Estará facultada para elevar aos órganos de dirección da entidade as súas recomendacións e conclusións, non vinculantes, sobre aqueles extremos que consideren que teñan que revisarse, axustarse, modificarse ou cambiarse en relación coa actividade deportiva federada realizada cos NNA, e que poidan redundar en beneficio de estes ou contribuír a previr situacións de violencia.

9.5 Canle de Notificacións

A entidade creará e manterá unha ou varias canles de comunicación de notificacións. Esta canle permitirá, de xeito sinxelo para calquera NNA, formular as súas inquiredanzas, queixas, reclamacións, notificacións ou suxestións, en relación con actos violentos sobre os NNA.

En todo caso se tratarán de procedementos sinxelos que deberán garantir en todo momento a protección da información, que terá a consideración de reservada e confidencial.

A forma de acceder á canle se publicará na páxina web e taboleiro de anuncios das respectivas entidades onde se dará debida difusión, nunha linguaxe sinxela e comprensible. Así mesmo publicárase os datos de contacto do DP.

A canle será revisada e supervisada unicamente polo DP, dando tramitación de xeito inmediato ás comunicacións recibidas, que serán analizadas coa debida obxectividade e imparcialidade, preservando e protexendo o interese do NNA. ([Anexo 2](#)).

10. RECURSOS

Os recursos serán aquelas ferramentas físicas, normativas ou dixitais que se estarán a dispor ao longo do proceso, entre os que estarán:

- a) Medios dixitais para o establecemento da canle de comunicación de situacións de violencia ao NNA.
- b) Dispoñer de espazos de observación, estruturas de coordinación, etc.
- c) Información bibliográfica en forma de textos, recomendacións, estudos, plans de implantación como as indicadas no apartado 19 do presente Protocolo.
- d) Inclusión de medidas contra a violencia nas normas de réxime interno das entidades.
- e) Información do responsable da entidade deportiva ou da persoa DP da entidade deportiva.
- f) Aquelas directrices que se emitan dende os órganos administrativos ou particulares que axuden á prevención da violencia fronte aos NNA.

11. PROCEDEMENTO

11.1 Sensibilización

A entidade terá a obriga de recibir e difundir entre as persoas asociadas as campañas e accións concretas de información, destinadas a concienciar á sociedade sobre o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a recibiren un bo trato, promovidas polas Administracións Públicas.

11.2 Detección da violencia

A entidade empregará o modelo de recollida de información conforme ao [Anexo 2](#) de recollida de datos e canle de información.

A entidade cumprimentará a folla de compromiso fronte á violencia. ([Anexo 3](#)).

11.2.1 Orixe da violencia:

A violencia pode provir de calquera dos suxeitos que forman parte do tecido deportivo ou do lecer e tempo libre: deportistas, adestradores/as, monitores/as, preparadores físicos, delegados/as, directivos/as, médicos/as, fisioterapeutas, auxiliares, persoal federativo, afeccionados/as, seguidores en redes sociais, familiares ou amigos/as.

A violencia pode orixinarse en calquera momento: antes, durante e trala actividade deportiva, nas instalacións deportivas ou fora de estas (desprazamentos, oficinas ou similares). A entidade deberá precisar os momentos, lugares ou situacións nos que se poidan dar en maior medida situacións de violencia.

11.2.2 Mecanismos de detección da violencia:

Atenderase aos seguintes indicadores:

a) Indicadores específicos

a. **Observación directa dun feito violento sobre un NNA.**

b. **Revelación de feitos:** Posta en coñecemento do DP ou dun terceiro de feitos susceptibles de ser catalogados como violentos:

i. **Revelación directa:** Contada pola vítima.

ii. **Revelación indirecta:** Comunicada por un terceiro ou pola apreciación ou observación doutros indicadores que fagan sospeitar que un NNA está sendo vítima dunha situación de violencia.

b) Indicadores físicos/psíquicos directos:

Evidencias físicas ou psíquicas directas recoñecibles a simple vista no menor sen necesidade de levar a cabo ningunha exploración específica e os cales non responden a unha xustificación propia da actividade deportiva.

- **VIOLENCIA FÍSICA:**

- Lesións, dores, negróns, feridas...
- Receo de contacto físico
- Aprensividade ante o pranto doutros
- Estado alerta
- Temeridade ante algunhas persoas
- Condutas autodestrutivas
- Condutas polarizantes
- Sentimento de culpa e responsabilidade polo ocorrido

- **VIOLENCIA PSICOLÓXICA (RELACIONADO CON SOBRESIXENCIA Ou SOBREPOTECCIÓN):**

- Sentimento de inutilidade e dependencia
- Dificultade para resolver os seus problemas
- Falta de iniciativa ou creatividade, seguridade e autoestima
- Desinterese por coñecer as súas habilidades
- Egocentrismo
- Manipulación para conseguir os seus desexos, tiranía
- Violencia cara ás figuras sobreprotectoras
- Baixa autoestima
- Excesiva competitividade
- Baixa tolerancia á frustración
- Niveles altos de ansiedade e tensión

- Recoñecen o erro e a equivocación como algo inaceptable
 - Autocrítica en exceso
 - Valía persoal, só reconecible coa adquisición de logros
 - Resignación
- **NEGLIXENCIA:**
- Falta de hixiene
 - Ausencia no club deportivo de forma repetida ou prolongada
 - Desinterese polas responsabilidades deportivas por parte dos titores
 - Inadecuado coidado médico
 - Depresión
 - Falta de autoestima
- **VIOLENCIA SEXUAL:**
- Condutas hipersexualizadas e/o masturbación compulsiva
 - Coñecementos sexuais inusuais para a súa idade
 - Xogo sexual non apropiado para a súa idade
 - Uso de forza ou coerción psicolóxica para que os demais participen
 - Achegamentos peculiares aos adultos
 - En adolescentes, promiscuidade sexual ou excesiva inhibición sexual
 - Indicadores físicos en zona xenital sen explicación médica (infeccións frecuentes, sangrados...)

c) Indicadores inespecíficos:

Englóbanse nesta categoría todas aquelas sinais que poidan ser indiciarias da existencia dunha situación de violencia.

Trátase de indicadores que deben interpretarse e analizarse con cautela, acudindo a fontes complementarias como a observación e recompilación de información para detectar a causa e orixe deste posible comportamento do menor oculta unha situación de violencia:

- **FÍSICOS:**
- Somatizacións, como dolor abdominal recorrente ou dores de cabeza sen causa orgánica.
 - Problemas de alimentación.
 - Fenómenos regresivos como enurese ou encoprese.
 - Infeccións urinarias repetidas sen causa orgánica ou externa identificable.
- **PSICOLÓXICOS E CONDUTUAIS:**

- Dificultades de aprendizaxe ou alteración do rendemento
- Retraemento rechamante, hostilidade e agresividade
- Sobreadaptación
- Pseudomadurez ou "infantilismo"
- Conflitos coa autoridade
- Marcada desconfianza cara a adultos significativos
- Furtos
- Mentiras frecuentes
- Desesperanza e tristeza
- Tendencia a permanecer en espazos deportivos (como espazo seguro) fose do horario
- Retraemento social
- Alteracións en nivel de actividade
- Alteracións do soño
- Fobias ou temores intensos
- Condutas compulsivas
- Fenómenos dissociativos
- Problemas e trastornos alimentarios
- Condutas violentas de risco para a súa integridade física
- Fugas do fogar
- Consumo de drogas
- Delincuencia
- Automutilacións e outras condutas agresivas
- Intentos de suicidio

A apreciación de algún indicador específico ou de varios signos inespecíficos nos que, trala observación e obtención de información se poida concluír a existencia dunha situación de violencia, determinará a ACTIVACIÓN DO PROTOCOLO DE PROTECCIÓN contra a violencia e a aplicación de medidas.

11.2.3 Obrigas informativas aos NNA

Para favorecer a detección da violencia polos propios NNA é fundamental que contén coa debida información para identificar que situacións constitúen violencia. Neste sentido, serán de aplicación as seguintes medidas:

1. As entidades deberán informar ao principio de cada tempada ou da súa actividade aos seus participantes da existencia do Protocolo, facendo una breve exposición do que se entende por violencia, dos medios que dispoñen para poñer en coñecemento a mesma e actuar contra ela. Así mesmo, os participantes deberán asinar

a folla de compromiso fronte á violencia, nese acto de información ou ben no momento de ingreso na entidade. ([Anexo 4](#))

2. A entidade comunicará a identidade do identificarán cada un dos seus DP fronte á violencia e as formas de contacto con este.

11.3 Actuación fronte a situacións de violencia

11.3.1 Actuación inicial fundamental

A primeira actuación será a de asistir á vítima para darlle a debida e necesaria protección e atención, intentando comunicar a situacións canto antes aos pais, titores, acolletores ou representantes legais.

Esta actuación irá aparellada a unha primeira avaliación da situación, do tipo de violencia que se puidera ter exercido e da intensidade da mesma, para adoptar as pertinentes medidas e comunicacións a este respecto.

11.3.2 Obriga de comunicación da situación de violencia ás autoridades

Todas as persoas estarán obrigadas a comunicar situacións violentas, do xeito a seguir:

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

Deber de comunicación	Persoa obrigada	Autoridade á que comunicar un feito violento sobre un menor
Deber xeral de comunicación	Todas as persoas da entidade	a) Se os feitos puideran ser constitutivos de delito, comunicaraos a: <ul style="list-style-type: none"> - Forzas e Corpos da Seguridade do Estado. - Ministerio Fiscal. - Autoridade Xudicial de garda. b) Calquera outra situación de violencia -Delegado/a de Protección de NNA da entidade.
Deber de comunicación cualificado ante situacións de violencia sobre un neno, nena ou adolescente	<ul style="list-style-type: none"> -Responsables da entidade. -Adestradores/monitores/técnicos. -Delegado/a de Protección 	a) En todo caso: Atender á vítima, facilitar toda a información da que dispoñan ás autoridades e colaborar con elas. Informar a Servizos Sociais municipais. Poñer a dispor da vítima o teléfono 116111. b) Se a saúde ou seguridade do menor se vira ameazada, se comunicará a : <ul style="list-style-type: none"> - Forzas e Corpos da Seguridade do Estado. - Ao Ministerio Fiscal. c) No caso da posible infracción normativa de Protección de Datos comunicarse á AEPD.
Deber de comunicación de contidos ilícitos en internet	Todas as persoas	a) Se os feitos puideran ser constitutivos de delito comunicarse a: <ul style="list-style-type: none"> - Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. - Ministerio Fiscal - Autoridade Xudicial b) Calquera outra situación de violencia se comunicará ao Delegado de Protección de NNA da entidade.
Comunicación de situacións de violencia por parte dos nenos, nenas e adolescentes	Os NNA que foran vítimas de violencia ou presenciaron algunha situación de violencia sobre outro menor PODERÁN comunicalo por si mesmos ou a través dos seus representantes legais Non supón unha obriga para eles	Poderase comunicar a: <ul style="list-style-type: none"> a) Delegado de Protección de NNA da entidade b) Servizos Sociais. c) Forzas e Corpos da Seguridade do Estado. d) Ministerio Fiscal e) Autoridade Xudicial. f) AEPD

11.3.3 Comunicación das situacións de violencia aos DP

O DP da entidade adoptará inmediatamente as medidas protectoras e preventivas que procedan sobre a vítima e proceda a comunicar o caso ás autoridades que procedan en cumprimento da LOPIVI e do presente protocolo.

As comunicacións poderán levarse a cabo por calquera medio, tomando exemplo ou utilizando o [Anexo 2](#).

11.4 Procedemento Xeral de Actuación ante casos de violencia

11.4.1 Identificación e comunicación das situacións de violencia

No caso de que calquera deportista, participante ou persoa en xeral teña coñecemento dunha situación de violencia sobre algun NNA deberá comunicalo sen demora ao respectivo DP á marxe das obrigas recollidas no cadro do punto 11.3.2.

As comunicacións se realizarán por escrito a un correo electrónico sinalado ao efecto de xeito directo ou utilizando o [Anexo 2](#). En caso de comunicacións verbais, o DP recollerá sen dilación a dita comunicación nunha folla de comunicación de situación de violencia.

11.4.2 Apertura do expediente informativo e valoración inicial dos feitos

Recibida a notificación, no prazo de 7 días naturais se valorarán a gravidade inicial do feito e a forma de coñecemento do mesmo a fin de determinar o procedemento a adoptar:

a) Gravidade feito:

a. Feitos leves (comportamentos inadecuados):

Se no momento da notificación o Delegado constata que os feitos, realizados por algún membro da entidade, teñen un carácter leve, se poderá propoñer a corrección interna por parte da entidade deportiva con aplicación, no seu caso, dalgunha medida educativa ou correctiva.

En todo caso, farase un seguimento da vítima e valorarase a erradicación total e absoluta da violencia producida, así como a debida e adecuada reintegración do neno, nena ou adolescente á actividade. No caso de que non se producira a normalización da situación se valorarán as actuacións a realizar.

b. Feitos graves ou moi graves

No caso de que a violencia exercida sexa obxectivamente grave ou moi grave e supoña un risco de calquera tipo para a integridade física ou psíquica da vítima, se continuará coa tramitación inmediata do expediente e se comunicará inmediatamente ás autoridades que correspondan para a súa rápida intervención, especialmente se os feitos puideran ser constitutivos de delito.

b) Forma de coñecemento

a. A través de indicadores específicos

Se procederá ao desenvolvemento de entrevistas con tódolos afectados, coas persoas que presenciaron a situación de violencia e coa recompilación da información que poida ser necesaria para conformar a realidade dos feitos acontecidos.

Con todo, para evitar a revictimización e preservar a privacidade do NNA, se existen indicadores específicos de feitos graves ou moi graves, notificarase de xeito inmediato, seguindo o cadro do punto 11.3.2.

b. A través de indicadores inespecíficos e a sospeita dunha situación de violencia.

Procederase a acordar medidas de observación e recompilación de información, non invasiva e que evite a revictimización, para determinar se existe ou non unha situación de violencia.

c) Actividades de valoración

Serán aquelas actuacións para determinar a dimensión da situación producida e as medidas que se adoptarán, en concreto:

- Descubrir se houbo episodios de violencia no pasado e as medidas implementadas.
- Valorar posibles situacións de vulnerabilidade (posibles discapacidades, orixe, prácticas culturais, incorporación tardía, etc.).
- Verificar os feitos (implicados, tempo, espazo, estímulo, resposta...).
- Asegurarse de escoitar a tódalas persoas implicadas (utilizando unha linguaxe adaptada á súa idade).
- Impedir que se difundan e amplifiquen comunicacións erróneas dos feitos.
- Realizar observacións intermitentes en distintos períodos de tempo previo e posterior ao evento adverso.
- Impedir que se repita a conduta tralo evento adverso, no seu caso.
- Promover condutas alternativas ás violentas.

11.4.3 Medidas cautelares de protección

A persoa DP, poderá solicitar que se acorden medidas cautelares urxentes para protexer á vítima e garantir a súa seguridade, dentro do ámbito das súas competencias.

A persoa DP poderá recomendar á entidade a adopción de algunha medida de protección á vítima do feito violento (reaxuste de horarios de adestramento, cambios de grupos de adestramento ou de actividade, suspensións cautelares de asistencia a adestramentos e competicións, etc.). Farase un seguimento da medida informando ás autoridades do seu contido e grado de cumprimento, no seu caso.

Se a medida cautelar fora imposta polas autoridades, procurará o seu cumprimento.

Informará ao NNA da existencia do teléfono de atención á infancia da Xunta de Galicia, o 116111.

11.4.4 Práctica de dilixencias

Para completar o expediente e o correcto esclarecemento dos feitos, a persoa DP poderá levar a cabo dilixencias como:

- No caso de feitos leves, entrevista por separado coa vítima e co/a presunto/a agresor/a.
- Entrevistas individuais coas persoas que presenciaron os feitos.
- Recompilación de toda a documentación e información necesarias. Poderán solicitarse informes ao persoal da entidade deportiva que puidera ter presenciado os feitos.

É importante para a práctica das dilixencias, seguir os seguintes apartados:

- O contido das entrevistas deberá quedar reflectido por escrito con actas firmadas.
- Deberase garantir a protección dos NNA afectados e evitar a vitimización secundaria dos nenos, nenas e adolescentes que sufriron a violencia (non duplicar intervencións coas vítimas nin facer revivir innecesariamente os feitos).
- Se debe de crear un clima de confianza coas vítimas da violencia pero poñéndose por riba da situación para non manipularen o relato (se deben reflectir os feitos coas súas propias palabras).
- Se deben respectar os dereitos do/a presunto/a agresor/a e a presunción de inocencia, así como a identidade dos nenos, nenas ou adolescente e das súas familias.
- Se debe actuar de maneira inmediata, evitando en todo o posible dilacións innecesarias.

11.4.5 Resolución do expediente

Unha vez practicadas tódalas dilixencias, a persoa DP poderá de xeito motivado:

a) Arquivar o expediente por considerar que a violencia non existiu ou non se produciu. En todo caso, o DP unha vez realizadas as actuacións, de constatar que non houbo situación violenta ningunha, realizará algunha actividade grupal preventiva de boas prácticas e convivencia.

b) Se o feito é leve (comportamentos inadecuados) propondrá á entidade unha solución interna con fines educativos e restauradores do dano que se produciu.

c) Se se conclúe que existiu unha situación de violencia grave ou moi grave comunicará a situación de violencia:

a. Ás autoridades: aos Servizos Sociais, Forzas e corpos de seguridade do Estado, Ministerio Fiscal ou autoridade xudicial.

b. Ás persoas responsables da entidade deportiva.

c. Ao xuíz ou comité de disciplina da federación deportiva relacionada cos feitos ou onde a entidade estea integrada.

d. Dar traslado á entidade deportiva para que, segundo os seus regulamentos vixentes, se apliquen as infraccións e sancións que procedan en exercicio da súa potestade sancionadora, informando sempre ao menor número de persoas posibles, para evitar a estigmatización do menor.

d) A persoa DP deberá colaborar en todo canto sexa requirida polas autoridades correspondentes e velar pola seguridade da posible vítima durante a práctica de dilixencias, actuacións policiais, xudiciais ou federativas que se poidan levar a cabo, seguindo sempre as indicacións que lles diten e as que procedan no seu interese.

e) As medidas adoptadas comunicaranse á comunidade afectada (responsables das entidades, adestradores/as, pais, etc).

f) Informarase ao deportista e máis á súa familia do procedemento que vaise realizar e das accións necesarias para a súa colaboración.

11.4.6 Medidas para a reincorporación do NNA á práctica deportiva:

a) Reunión informativa coas partes interesadas para informar sobre o procedemento a seguir.

b) Reincorporación progresiva ás actividades, aos adestramentos ou competicións.

c) Medidas didácticas e formativas á comunidade.

d) Normalizar o regreso, respectando os tempos que precise.

11.4.7 Adopción de medidas correctoras no futuro

Detectado o feito se analizarán as causas do mesmo e se establecerán as medidas correctoras para o futuro que poidan contribuír a evitar condutas semellantes.

12. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA NO DEPORTE EN GALICIA

12.1 Cuestións Xerais

A persoa DP propondrá en cada momento as medidas que se executarán nas actividades, debendo ser cumpridas e atendidas pola entidade e as persoas participantes.

A persoa DP de cada entidade deportiva poderá establecer e executar medidas preventivas adicionais co obxectivo de conseguir os fins do presente Protocolo e da LOPIVI.

Se deberán reflectir mencións ao presente Protocolo nas normas das propias entidades (estatutos, regulamentos), e nas normas de uso das instalacións deportivas.

Se incluírá un apartado de recollida de suxestións e convocatoria selectiva destas acerca de temas concretos.

12.2 Medidas específicas de prevención

a) **Cumprimentación de follas de compromiso fronte á violencia contra os NNA (Anexos 3 e 4)**

b) **Certificados negativos de delitos de natureza sexual**

Resulta un requisito imprescindible para o acceso e exercicio de actividades deportivas ou de lecer e tempo libre que impliquen contacto habitual con persoas NNA non ter sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados na Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dun Certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

A efectos da LOPIVI e do presente Protocolo estarán incluídas neste apartado todas aquelas actividades retribuídas ou non que pola súa propia natureza e esencia supoñen un trato repetido, directo e regular e non meramente ocasional con NNA, así como aquelas que teñan como destinatarios a NNA.

Deste xeito estarán obrigados: adestradores/as, monitores/as, técnicos/as, auxiliares, voluntarios/as, persoal dos corpos sanitarios, árbitros/as, xuíces/zas, oficiais e, en xeral, calquera persoa que poida ter un trato habitual con NNA.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

A certificación deberá obterse de xeito previo a cada actividade ou tempada e a súa vixencia será para as mesmas.

Queda prohibido que a entidade ocupe a persoas que teñan antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

A coñecemento sobrevido de antecedentes ou a firmeza dunha sentenza ou resolución sancionadora a tal efecto implicarán o cese inmediato da relación da persoa coa entidade.

c) Formación dos DP de entidades deportivas.

As entidades deportivas, por si mesmas ou a través da súa Federación ou terceiros, desenvolverán actividades de formación aos DP aos efectos de potenciar as súas habilidades para:

A detección e identificación das formas de violencia.

- Establecer e executar as medidas de protección e prevención nas súas entidades deportivas ou de lecer e tempo libre.
- Dar pautas para a resolución dos conflitos que poidan xurdir.

d) Sesións informativas por separado ao inicio de cada tempada dirixidas a:

- Adestradores/as, corpos técnicos e sanitarios, auxiliares, monitores/as, directivos/as e persoal da entidade.
- Deportistas e participantes NNA.
- Pais, titores, acolledores e representantes legais de NNA ou familiares que asisten ás actividades.
- Persoal directivo e federativo.

e) Difusión en webs, redes sociais e outras canles de comunicación da existencia do protocolo e da canle de notificacións.

Nas páxinas web e redes sociais da entidade deberase difundir a información relativa ao respectivo DP, dos datos de contacto e a canle de transmisión de información.

f) Implementación de códigos de conduta para os participantes nas actividades deportivas.

Os códigos de conduta serán mecanismos de cumprimento voluntario nos que se establecen regras específicas para os diferentes suxeitos. ([Anexo 5](#)).

g) Elaboración de recomendacións para previr a violencia en certas áreas das instalacións e actuación en situacións como viaxes ou uso de redes sociais. Cartelaría nas instalacións.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

Se establecerán recomendacións de boas prácticas en áreas ou zonas da instalación onde poidan producirse situacións de violencia. Estas recomendacións poderán chegar ata os familiares que acudan ao club ou competición para evitar violencias exercidas por estes sobre outros NNA.

Para o caso de viaxes, concentracións e pernoctas os representantes legais deberán autorizar expresamente e prestar o consentimento informado ao mesmo ([Anexo 6](#)).

Seguiranse as pertinentes recomendacións para o deseño da política de comunicación, uso de imaxes e redes sociais.

Nas instalacións afectadas se instalará cartellaría que faga recomendacións de boas prácticas e recordatorios de prevención e rexeitamento da violencia, especialmente en accesos, gradas, vestiarios, salas de atención sanitaria e despachos. ([Anexo 7](#)).

h) Aumentar o control e vixilancia en zonas da instalación deportiva e actividades especiais.

i) Inclusión de cláusulas específicas en contratos laborais, mercantís ou acordos de incorporación como voluntarios onde se inclúa a causa específica de cese ou extinción da relación laboral, civil ou mercantil, pola realización probada de comportamentos violentos contra un menor ou de comportamentos contrarios aos fins e obxectivos deste protocolo.

j) Revisión e adaptación dos regulamentos de réxime interno das entidades que deberán regular de forma expresa, no seu catálogo de infraccións as correspondentes ás condutas violentas que se poidan desenvolver sobre os NNA e aquelas que atenten contra os seus dereitos recoñecidos, xunto coas sancións e medidas disciplinarias a adoptar.

k) Uso responsable de internet e das redes sociais

l) Protección da imaxe do/a menor de idade.

Un dos fins máis importantes da LOPIVI é regular o consentimento do uso da imaxe dos menores de idade, que deberá realizarse conforme aos postulados da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, á intimidade persoal, familiar e á propia imaxe.

m) Creación de campañas de bo trato cara os NNA, dentro do club e por parte dos familiares cara os seus e outros NNA de outros clubs.

13. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS: A MEDIACIÓN

No seo da entidade, especialmente en situacións de violencia fronte aos NNA de carácter leve ou ante comportamentos inadecuados non punibles nin sancionables polos órganos disciplinarios federativos, a persoa DP poderá propoñer procesos de mediación nos casos nos que se teña dado unha notificación ou reclamación formal.

As entidades deportivas poderán establecer estes mecanismos de solución de conflitos.

14. AVALIACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO

14.1 Avaliación do protocolo

A avaliación é o último paso necesario e consiste na elaboración dun sistema de indicadores que faciliten a avaliación e o control do proceso, como poden ser:

- O número de notificacións realizadas e clasificación segundo a persoa que as fai, a gravidade dos feitos, o lugar no que aconteceron e a natureza das mesmas.
- Número de expedientes tramitados, arquivados e resolucións.
- Tipoloxía das resolucións e medidas a adoptar.
- Valoración das medidas cautelares e correctoras tomadas.
- Enquisa anónima aos afectados por un proceso aos seis meses e ao ano das medidas adoptadas.

14.2 Revisión/actualización do protocolo

O presente Protocolo someterase a revisión e actualización polo Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, nun período máximo de dous anos, para introducir modificacións por mor de avances científicos, técnicos ou normativos ou mesmo melloras técnicas para a idónea consecución dos seus fins. A Secretaría Xeral para o Deporte achegará a nova versión do protocolo a todas as entidades para a súa aprobación polo órgano de goberno das mesmas.

Cada revisión será nomeada como unha nova versión do protocolo.

15. ENTRADA EN VIGOR E PUBLICACIÓN

O presente Protocolo terá vixencia dende o a data da súa aprobación polo Observatorio da Familia e da Infancia, e será de aplicación na entidade desde a súa sinatura polo responsable da mesma.

16. NORMATIVA APLICABLE

- Convención dos Dereitos do Neno, ONU, 1989.
- Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Le Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia.
- Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI.
- Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. BOE, 281, 24 de noviembre de 1995.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. BOE, 71, 23 de marzo de 2007.
- Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honos, á intimidade persoal, familiar e á propia imaxe.
- Acordo do Senado para instar ao Goberno a adoptar medidas para evitar o abuso sexual no deporte:

<http://www.senado.es/legis10/publicaciones/pdf/senado/bocg>

BOCG_D_10_262_1929.PD

17. BIBLIOGRAFÍA, RECURSOS E BOAS PRÁCTICAS

Abre en Canarias el primer Juzgado de Violencia contra la Infancia de España (Nota de prensa 28/09/2021).

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/Tribunales-Superiores-de-Justicia/TSJ-Canarias/Oficina-de-Comunicacion/Archivo-de-notas-de-prensa/Abre-en-Canarias-el-primer-Juzgado-de-Violencia-contra-la-Infancia-de-Espana->

- *Criterios de atención en protección* (LEY ANDALUZA):

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

<https://www.boe.es/eli/es-an/l/2021/07/27/4/dof/spa/pdf>

https://www.policia.es/miscelanea/ufam/normativa/2014_protocolo_basico_c_maltrato_inf_ambito_familiar.pdf

- *Keeping Children Safe in Education, Statutory guidance for schools and colleges on safeguarding children and safer recruitment*

<https://www.gov.uk/government/publications/keeping-children-safe-in-education--2>

- *La victimización sexual de NNA en el Código Penal Español y en la política criminal internacional, Myriam Cabrera Martin.*
- *Modelo Propuesta a Fiscalía Petición Exploración Judicial (PDF. 204 KB).*
- *Módulo de referencia para el desarrollo de un protocolo de actuación en casos de maltrato infantil. Aprobado en el Pleno del Observatorio de la Infancia de 22-11-2007.*

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/programas/protocolo_contra_maltrato_infantil_1.pdf

- *Ojos que no quieren ver, Save the Children.*

https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/ojos_que_no_quieren_ver_27_092017.pdf

- *Plan de Acción contra la Explotación sexual de niñas, niños y adolescentes del sistema de protección a la infancia. Conferencia Sectorial de Infancia y Adolescencia y Conferencia Sectorial de Igualdad. Ministerio de Asuntos Sociales y Agenda 2030. 2022.*
- *Pon fin al silencio y di no a la violencia. GUÍA DE ACTUACIÓN PARA VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA DURANTE EL ESTADO DE ALARMA POR COVID-19:*

https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/Gu%C3%ADa%20SAVA_2.pdf

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

- *Protocolo básico de intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar (bienestaryproteccioninfantil.es)*
- *Protocolo Básico de Intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar. Actualizado a la intervención en los supuestos de NNA de edad víctimas de violencia de género:*

https://www.observatoriodelainfancia.es/oia/esp/documentos_ficha.aspx?id=4485

- *Protocolo de Actuación en Abusos Sexuales y otros Malos Tratos a la Infancia en el Partido Judicial de Móstoles. 20 de noviembre de 2013. Comisión de Redacción del Protocolo en Abusos Sexuales y otros Malos Tratos a la Infancia en el Partido Judicial de Móstoles.*

https://www.bienestaryproteccioninfantil.es/imagenes/tablaContenidos03SubSec/Protocolo_Abuso_y_Maltrato_Infantil_Mostoles_2013.pdf

- *Protocolo de Atención y Derivación de las Víctimas de Violencia de Género entre las Oficinas de Asistencia a las Víctimas y los Servicios Sociales y los Servicios Especializados de las Comunidades Autónomas.*
- *Protocolo de Coordinación entre los Institutos de Medicina Legal y Ciencias Forenses y las Oficinas de Asistencia a las Víctimas del Delito del Ministerio de Justicia para la Atención a la Víctima de Violencia de Género.*
- *Red de Oficinas de Asistencia a las Víctimas del delito (OADV) de la Comunidad de Madrid. Memoria Anual de Actuaciones 2021:*

https://www.comunidad.madrid/sites/default/files/memoria_2021.pdf

- *Salvaguardias Internacionales para NNA en el Deporte, UNICEF,*

https://www.sportanddev.org/sites/default/files/downloads/safeguards_may_2015_spanish.pdf

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

- *Ver para Proteger, claves para comprender la violencia contra niños, niñas y adolescentes y para desarrollar medidas de protección eficaces, UNICEF España, 2022*
- *The Botswana Big Five, The IWG World Conference on Women and Sport launches its legacy:*

<https://www.sportanddev.org/en/article/news/botswana-big-five-iwg-world-conference-women-and-sport-launches-its-legacy> Child protection and safeguarding toolkit:

<https://www.sportanddev.org/en/toolkit/child-protection-and-safeguarding>

- *Claves para la protección y el buen trato a la infancia en el deporte- Iñaki Alonso, Responsable de Protección a la Infancia del Athletic Club:*

<https://athleticclubfundazioa.eus/wp-content/uploads/Claves-para-la-proteccion-y-el-buen-trato-a-la-infancia-en-el-deporte-v3- castellano.pdf>

- *Guía de entorno seguro en contextos de educación no formal. Blanca Gómez Bengoechea, Salomé Adroher Biosca, Ana Berástegui Pedro-Viejo, Amaia Halty Barrutieta. Cátedra de Derechos de Infancia, Universidad de Comillas, Proyecto HOLISTIC.*

<https://www.comillas.edu/es/catedra-santander-de-los-derechos-del-nino-publicaciones/guia-entorno-seguro-contextos-educacion-no-formal>

- *Implicaciones Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia. Athletic Club, Proyecto Aterpe:*

https://athleticclubfundazioa.eus/wp-content/uploads/athletic_implicaciones-nueva-ley- CAST.pdf

- *La figura del responsable de protección a la infancia como agente fundamental para la generación de una cultura de protección dentro de las entidades deportivas: propuesta de funciones, perfil y retos en su proceso de implantación. Athletic Club, Proyecto ATERPE:*

https://athleticclubfundazioa.eus/wp-content/uploads/Athletic_Funciones-del-responsable.pdf

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

- *Transexualidad e intersexualidad en el deporte: consecuencias del marco legal español en la práctica deportiva, Consejo de Participación LGTBI, Ministerio de Igualdad*

<chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://www.igualdad.gob.es/wp-content/uploads/Transexualidad-e-intersexualidad-en-el-deporte.pdf>

- *Herramientas para un sector deportivo inclusivo con los colectivos LGTBI+. El CSD y el Consejo COLEF*

<https://www.csd.gob.es/es/herramientas-para-un-sector-deportivo-inclusivo-con-los-colectivos-lgtbi>

18. RELACIÓN DE ANEXOS

ANEXO 1.- Designación la persona Delegada de Protección de NNA.

ANEXO 2.- Comunicación de situación de violencia.

ANEXO 3.- Folla de compromiso fronte á violencia - Entidade

ANEXO 4.- Folla de compromiso fronte á violencia - Participantes.

ANEXO 5.- Código de conduta para participantes en actividades deportivas en Galicia

ANEXO 6.- Autorización para torneos e viaxes de deportistas NNA.

ANEXO 7.- Recomendacións para o deseño de comunicacións, uso de imaxes e publicacións en redes sociais.

ANEXO 1.- Designación Delegado de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (DP).

ENTIDADE: _____ Temp. 202_/202_

D./D^a. _____, maior de idade, con DNI _____, na súa cualidade de Secretario/a da entidade _____, con domicilio en _____, CIF _____, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co N^o _____

CERTIFICO

Que aos efectos do cumprimento do Protocolo para a Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á violencia nas actividades deportivas e de lecer en Galicia, das disposicións da LO 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, designouse á persoa cuxos datos se relacionan a continuación como DELEGADO DE PROTECCIÓN da nosa entidade, ao considerar que ostenta os requisitos requiridos:

NOME	
DNI	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DIRECCIÓN POSTAL	
ENLACE WEB	

Se certifica igualmente que a persoa designada aceptou o nomeamento, co seu compromiso a desempeñar o cargo coa maior dilixencia e conforme ao contido do mencionado Protocolo.

E para que así conste e forneza aos efectos oportunos, firmo a presente en _____ a ___ de _____ de _____.

D/D^a _____

D/D^a _____

Secretario/a

Delegado de protección dos nenos, nenas e adolescentes

ANEXO 2.- Comunicación de situación de violencia.

DATOS DA PERSOA QUE COMUNICA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA	
ENTIDADE:	
NOME:	
DNI:	TELÉFONO:
CORREO ELECTRONICO:	
DIRECCION:	
DATOS DO NNA QUE SUFRIU A SITUACIÓN DE VIOLENCIA	
NOME:	
ENTIDADE:	
DATOS CONTACTO:	
IDADE:	LESIONS <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
TIPO DE LICENCIA:	<input type="checkbox"/> XOGADOR/A <input type="checkbox"/> ADESTRADOR/A <input type="checkbox"/> STAFF TÉCNICO <input type="checkbox"/> ÁRBITRO/A <input type="checkbox"/> OUTRO/A

DATOS DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA	
DATA na que ocorreron os feitos	
LUGAR onde se produciron os feitos	
¿Formulouse comunicación ás autoridades)	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI AUTORIDADE á que se lle comunicou -----
¿Produciuse durante un partido?	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI REFLECTIUSE NA ACTA ARBITRAL? <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> SI
Tipo de violencia	<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Psicolóxica <input type="checkbox"/> Insultos <input type="checkbox"/> Sexual <input type="checkbox"/> Redes Sociales <input type="checkbox"/> Imaxe/datos <input type="checkbox"/> OUTRA
DESCRIPCIÓN DA INCIDENCIA: (Indicar persoas implicadas, condutas observadas, documentos que se acompañan, persoas que presenciaron os feitos, datos de contacto de estes)	

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

(No caso de precisar máis espazo, poderá continuar en follas aparte debidamente numeradas que se acompañarán a ese Anexo)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:

PERSOAS QUE PRESENCIARAN OS FEITOS	
NOME	DATOS DE CONTACTO

ACCIÓNS LEVADAS A CABO	

En _____, a ____ de _____ de _____

D. _____

Entidade receptora.

ANEXO 3.- Folla de compromiso fronte á violencia - Entidade.

ENTIDADE	
CIF	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DELEGADO DE PROTECCIÓN	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. Que a entidade comparecente declara expresamente coñecer o Protocolo para a Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á violencia nas actividades deportivas e de lecer en Galicia, no que se establecen o conxunto de medidas e normas de actuación que serán de aplicación ás actividades deportivas organizadas e promovidas por esta.
2. Que a entidade comparecente cumprirá e fará cumprir as obrigas, compromisos e implementación das medidas de protección dos NNA e prevención da violencia fronte a estes, que se establecen na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPIVI), no Protocolo para a Protección dos NNA nas actividades deportivas da entidade e nas que se diten polas autoridades correspondentes. Igualmente velará por que tódolos membros da entidade que teñen contacto con NNA teñan actualizado o Certificado negativo de Delitos de Natureza sexual e trata de seres humanos, adoptando as medidas disciplinarias e sancionadoras que correspondan en caso de incumprimento.
3. Que as actividades deportivas e de lecer que se desenvolvan na súa actividade se deseñarán, organizarán e executarán sobre a base do respecto aos dereitos e liberdades dos NNA, sobre a base do bo trato aos nenos, nenas e adolescentes co obxectivo de crear actividades e contornas seguras.
4. Que a entidade designará un Delegado de Protección de NNA (DP) que desempeñará as funcións e tarefas que se establecen na LOPIVI e no mencionado Protocolo, especialmente as correspondentes á información e publicación dos datos de contacto, canais de notificacións e difusión controlada e reiterada da existencia dos mesmos e da forma de contactar en caso de situacións de violencia. Se informará a tódolos membros da entidade dos Códigos de conduta e recomendacións de boas prácticas, incluídos aos pais e nais dos NNA participantes, esixindo no seu caso o seu cumprimento.
5. Que a entidade comparecente se obriga a dar debida tramitación das incidencias, reclamacións, queixas, suxestións e notificacións que se formulen e a remitilas ás autoridades que correspondan e ao DP da entidade, derivando as mesmas, no seu caso e cando sexa aconsellable, ás canles de mediación que se establezan na entidade.

En _____, a ____ de _____ de _____

D. _____
Responsable da Entidade

D. _____
Delegado de Protección

ANEXO 4.- Folla de compromiso fronte á violencia - Participantes.

ENTIDADE			
FEDERACIÓN GALEGA			
CATEGORÍA			
NOME COMPLETO			
NACIONALIDADE			
DATA DE NACEMENTO		NIF	
TELÉFONO			
CORREO ELECTRÓNICO			
DIRECCIÓN POSTAL			
REPRESENTANTE LEGAL			
TELÉFONO		NIF	
CORREO ELECTRÓNICO			

CONSENTIMIENTO INFORMADO E DECLARACIÓN RESPONSABLE

Coa firma do presente documento o/a participante é informado/a das obrigas e compromisos que asumen en relación coa protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a situacións de violencia nas actividades deportivas.

Consentimento informado e declaración responsable do participante que acepta expresamente:

1. Se pon en coñecemento do participante o Protocolo para a Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á violencia nas actividades deportivas en Galicia, no que se establecen o conxunto de medidas e normas de actuación que serán de aplicación ás actividades deportivas organizadas e promovidas por esta.
2. Se pon tamén en coñecemento do/a participante e así o acepta expresamente que queda totalmente prohibida calquera conduta violenta, entendendo como tal o maltrato físico, psicolóxico ou emocional, os castigos físicos, humillantes ou denigrantes, o trato negligente, as ameazas, injurias ou calumnias, a explotación, incluíndo a violencia sexual o ciberacoso, a violencia de xénero e, entre outras, a comunicación de datos privados.
3. Que, en cumprimento das citadas disposicións e Protocolos se implementarán en tódalas actividades deportivas da entidade unha serie de medidas de protección e prevención da violencia sobre os NNA, que deberán ser cumpridas e atendidas por todas as persoas.
4. Que é unha obriga de todo/a participante garantir a seguridade e protección dos NNA, respectar os seus dereitos e liberdades, incluídas a igualdade, a non discriminación, facer un bo uso da súa imaxe e dos datos e desenvolver as actividades deportivas sobre a base do bo trato, co obxectivo de crear contornas seguras e libres de todo tipo de violencia.
5. Que o/a participante se obriga a poñer en coñecemento do Delegado de Protección (DP) da entidade calquera situación de violencia sobre un NNA da que teña coñecemento de xeito inmediato sen prexuízo de prestar á vítima a asistencia e axuda que precise.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

6. O participante, nos termos establecidos no artigo 12.2 deste protocolo, deberá ter actualizado e presentar o Certificado Negativo de Delitos de Natureza Sexual e trata de seres humanos.
7. No caso de incumprimento grave, imprudente, negligente ou doloso das normas establecidas para a protección dos NNA nas actividades deportivas da entidade, se poderán adoptar as medidas disciplinarias que correspondan, que poden abarcar a suspensión ou exclusión da competición ou da actividade, se prexuízo das accións administrativas ou xudiciais que puideran corresponder.
8. O/a participante ou os seus representantes legais, autorizan expresamente á entidade a facer uso e tratar os datos que lle facilitan neste acto, que serán utilizados unicamente para os fins da actividade e do cumprimento do Protocolo de prevención da violencia. Estes datos en ningún caso serán cedidos a terceiros excepto a incoación dun expediente no que o/a participante estea afectado/a, que se comunicará ao DP ou organismos competentes. Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión e portabilidade, no seu caso, conforme a LO 3/2018 de protección de datos de carácter persoal, mediante comunicación dirixida á entidade mediante o correo electrónico _____.

En _____, a ____ de _____ de _____

D. _____
Entidade

D. _____
Participante

ANEXO 5.- Código de conduta en actividades deportivas en Galicia

Tódolos/as participantes en actividades deportivas ou de lecer en Galicia deberán asumir o compromiso de rexeitamento total á violencia no seu ámbito e en función da súa participación:

1. Os deportistas que sexan NNA:
 - Deberán coñecer os códigos de conduta e as normativas aplicables.
 - Deberán respectar o material, as instalacións deportivas e as regras de comportamento indicadas.
 - Non abandonarán a instalación sen comunicalo ao adestrador ou á persoa responsable da entidade
 - Acudirán aos responsables da entidade ou ao Delegado de protección dos NNA (DP) no caso de teren dúbidas sobre as condutas de prevención da violencia.
 - Non fumarán, non beberán alcol, consumirán substancias dopantes, nin tomarán drogas, en xeral, pero en ningún caso nas instalacións deportivas.
 - Respectarán aos adestradores, compañeiros e resto do persoal da entidade, da instalación ou contrincantes.
 - Aceptarán con deportividade e respecto calquera decisión arbitral e consultarán cos seus adestradores as dúbidas con respecto a este tipo de decisións.
 - Informarán aos seus adestradores sobre calquera lesión ou condición médica durante a actividade deportiva.
 - Non farán bullying:
 - o Utilizando as redes sociais dun xeito inadecuado para ferir ou sentir mal a alguén.
 - o Insultando ou humillando a alguén.
 - o Pelexándose ou danando a outras persoas, física ou psiquicamente.
 - Non acosarán nin abusarán sexualmente de ninguén.
 - Informarán ao DP ou ao responsable da entidade se teñen coñecemento de calquera situación de violencia.
 - Os/as deportistas terán dereito a:
 - o Gozar e desenvolver as súas actividades deportivas.
 - o Ter un trato igualitario, de non discriminación por calquera causa.
 - o Seren protexidos de malas condutas por parte de persoas adultas ou outros/as deportistas.
 - o Ser escoitado/a activamente sobre as súas preocupacións, sobre como pedir axuda ou sobre con quen falar destes ou doutros temas relacionados coa práctica deportiva ou coa prevención de situacións de violencia.
 - o Non sufriren consecuencias negativas no caso de informar de algún problema.
 - o Seren atendidos/as no caso de ocorrer un accidente ou lesión.
 - o Abandonar a práctica deportiva no momento en que o decidan.
2. Os/as adestradores/as e resto de persoal que intervéñen na práctica deportiva:
 - Considerarán a educación persoal e deportiva e a seguridade dos deportistas unha prioridade sobre os resultados deportivos.
 - Respectarán a dignidade e os dereitos de cada deportista sen facer discriminación algunha par ningún tipo de razón outorgando un trato igualitario. En especial,

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

respetará a orientación e identidade sexual e a expresión de xénero do neno, nena ou adolescente.

- Informarán ao DP sobre calquera dúbida que lles xurda e sobre calquera situación da que teñan coñecemento sobre mala praxis, violencia, abuso ou acoso.
- Serán un exemplo e actuarán con deportividade respectando as decisións arbitrais, non bebendo alcol, fumando ou tomando drogas, nin consumindo substancias dopantes, nin dicindo palabras soeces ou comentarios sexistas, racistas ou discriminatorios.
- Non exercer unha posición de abuso de superioridade ou exceso de confianza cos deportistas. Evitarán estar a solas de xeito individual cos mesmos.
- Chegarán con suficiente antelación ao comezo das actividades programadas.
- Non farán bullying, actitudes de acoso, grooming nin inflixirán violencia aos deportistas e actuarán contra calquera destas actividades informando á entidade deportiva e ao DP.
- Se comunicarán dun xeito construtivo, adecuado a cada idade sen humillar a ninguén.
- Se relacionarán positivamente coas familias dos deportistas que sexan nenos, nenas ou adolescentes.

3. Os familiares dos deportistas

- Respetar os códigos de conduta, regulamentos, protocolos da entidade deportiva e das instalacións deportivas.
- Animarán aos participantes á práctica do deporte respectando as regras e ás persoas, co obxectivo de que desenvolvan a súa práctica do mellor xeito posible en función das súas capacidades.
- Promoverán a asistencia a adestramentos e competicións coa máxima puntualidade, evitando en todo caso atrasos na asistencia dos NNA aos adestramentos ou partidos ou a demora no comezo dos mesmos.
- Ser realista e absterse de presionar aos deportistas ou de xerarlle falas expectativas.
- Aceptar as decisións adoptadas polos adestradores ou polos árbitros, comportarse de xeito responsable nas gradas e non mostrar agresividade verbal ou física.
- Absterse de tomar fotografías ou vídeos sen o consentimento da organización nos que aparezan NNA.
- Absterse de faceren un uso inapropiado das redes sociais.
- Informar ao Delegado de protección ou ao responsable da entidade se tivesen coñecemento dalgunha situación de violencia fronte a algún menor.
- Serán informados sobre as persoas responsables das entidades, adestradores e delegados de protección dos NNA.
- Serán informados das normas e códigos de conduta das entidades e instalacións deportivas.
- Serán informados no caso de lesión, baixón de rendemento en función das súas capacidades ou de calquera circunstancia anómala do menor.

ANEXO 6.- Autorización para actividades, torneos e viaxes do neno, nena ou adolescente (NNA).

DATOS DO NNA			
NOME:			
ACTIVIDADE:			
DATA NACEMENTO:		LICENCIA:	
DNI / NIE:		TELÉFONO:	
DATOS DOS REPRESENTANTES LEGAIS*			
PROXENITOR (D./D ^a):			
DNI / NIE:		TELÉFONO:	
PROXENITOR (D./D ^a):			
DNI / NIE:		TELÉFONO:	
INFORMACIÓN MÉDICA			
ALERXIAS:			
MEDICACIÓN:			
NECESIDADES ESPECIAIS:			

*No caso de custodia exclusiva ou custodia compartida alterna debe prestarse consentimento por ambos proxenitores.

Os/as proxenitores arriba asinantes declaran e aceptan expresamente as seguintes cuestións:

- Que o/a participante desenvolverá a actividade deportiva.
- Que fun informado/a adecuadamente sobre a actividade, horarios, itinerarios, desprazamentos, aloxamento e persoas adultas a cargo dos NNA dando a miña plena conformidade ás mesmas.
- Que fun informado adecuadamente sobre as regras de comunicación co participante (horarios, uso de dispositivos móbiles, canais de comunicación, etc).
- Confirmo que o/a participante indicado non presenta ningunha necesidade médica coñecida máis alá das manifestada na parte superior deste documento.
- Que dou o meu consentimento para que, no caso de enfermidade ou accidente se apliquen os tratamentos necesarios.
- Comprendo que as persoas responsables da expedición adoptarán tódalas medidas ao seu alcance para previr danos ou accidentes. Comprendo tamén que estas persoas non serán necesariamente responsables dun dano ou accidente causado ao/á participante.
- Que dou o meu consentimento para que o/a participante poida ser amoestado/a e, no seu caso, excluído da participación do evento, por non respectar as normas de comportamento. Nese caso me comprometo a facilitar un desprazamento de regreso no lapso de tempo máis rápido posible, asumindo integramente os gastos de desprazamento e os orixinados polo mesmo, así como polos danos e prexuízos que se puideran ocasionar.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

En _____, a _____, de _____, de _____

Proxenitor/a

D. _____

Proxenitor/a

D.

ANEXO 7.- Recomendacións para o deseño de comunicacións, uso de imaxes e publicacións en redes sociais.

1. Gravación e uso de imaxes:
 - Cada vez que se proceda á gravación dunha actividade, adestramento ou partido os NNA e os seus representantes legais deberán estar informados desta práctica.
 - Non se permitirán as sesións fotográficas individuais con NNA.
 - Non se permitirá a toma de fotografías ou vídeos en vestiarios, baños, habitacións ou salas de tratamento sanitario.
 - As imaxes publicadas nas páxinas web ou redes sociais non incluírán datos de carácter persoal que faciliten a identificación de NNA.
 - Os NNA non se fotografarán de forma degradante ou provocativa.
 - Os espectadores ou terceiros que asistan a unha práctica deportiva e desexen tomar gravacións ou fotografías solicitarán autorización expresa á organización do adestramento, evento ou competición.

2. Riscos do mal uso da tecnoloxía da información e da comunicación (TICs) e das redes sociais:
 - Acceso e distribución non autorizado de datos persoais.
 - Distribución ou publicación de fotografías e vídeos sen consentimento.
 - Envío de material ofensivo ou inapropiado.
 - Cyberbullying, grooming ou facilitación de achegamentos co obxecto de cometer abusos sexuais.

3. Uso adecuado das TICs
 - Coñecer cales son os comportamentos adecuados e inadecuados, tanto do persoal como dos deportistas e os seus familiares no uso da páxina web, redes sociais, aplicacións de mensaxería e calquera outra forma de comunicación electrónica.
 - Comprender que tódolos principios de seguridade deben de seguirse en calquera dispositivo electrónico.
 - Asegurarse de que calquera publicación que se leve a cabo respecta a lexislación vixente. A tal efecto, se deberá facer un exercicio de empatía e de análise de consecuencias de cada publicación que se faga.
 - Proporcionar a información adecuada á persoa encargada de xestionar a presenza da nosa entidade en internet (páxina web, redes sociais, etc).

4. Presencia en internet das entidades deportivas.
 - Tódalas contas de redes sociais estarán protexidas por unha clave que será coñecida por, alo menos, tres persoas da entidade.
 - As persoas que monitoricen cada conta deberán estar correctamente identificadas.
 - Calquera publicación inapropiada ou que se interprete como un risco para os/as deportistas, resto de participantes ou para a propia entidade, será eliminada inmediatamente. Se informará desta situación á persoa afectada e aos seus familiares.

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

- Tódalas publicacións se farán de acordo ao estricto cumprimento da Lei de protección de datos persoais. Deste xeito se evitará en todo momento calquera dato ou imaxe que facilite a identificación dos NNA.
 - A persoa responsable da xestión de redes sociais e da páxina web da entidade deberá asegurarse de ter o consentimento informado de tódalas persoas (ou dos seus representantes legais) que aparezan nas publicacións e/ou nas comunicacións.
 - Non se permitirán publicacións que idealicen ou promovan comportamentos delitivos ou que poñan en risco a seguridade dos deportistas.
5. Presenza en internet e en redes sociais dos/as deportistas, participantes ou da xunta directiva:
- Os/as participantes na actividade deportiva deberán coñecer estas guías e comportarse conforme as mesmas.
 - Os/as participantes non utilizarán as súas contas persoais para publicar información relacionada coa entidade. Calquera comunicación oficial farase dende as contas oficiais da entidade.
 - Os/as participantes non se comunicarán con NNA a través de mensaxes privadas dende as súas contas persoais. Calquera comunicación individual con un menor deberá facerse a través dos seus representantes legais.
 - Os/as participantes se comportarán dun xeito adecuado e respectuoso en internet, tendo en conta que poderán ser seguidos por NNA da entidade.
 - Os participantes non utilizarán os dispositivos móbiles para comunicarse durante os adestramentos ou competicións, tanto en público como nos vestiarios, excepto se se trate dunha emerxencia.





XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



#ASISÍ

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN